

O CAMPO

Corazón da cidade

Alfredo Erias

Antes de que Betanzos se asentase no castro de Untá, o que hoxe chamámos Praza dos Irmáns García Naveira xa debía comprender funcións comunitarias. Por ali pasaba un antigo "camíño romano" (desde o s. XI-XII Camiño de Santiago) que vinha da costa cántabra e que, logo de cruzar la Ponte Vella (quizais pervivencia a romana neste tempo), rodeaba a muralla do castro por unha fonda congostra, chamada no 1219 "vallem antiquam", que daria máis tarde a Rúa da Fonte de Unta (tamén chamada das Monxas), para logo atravesa-lo Campo e seguir cara ó Sur pola posterior Rúa do Rollo. Pero ademais, a ese Campo chegaba outro camiño romano (a actual Carretera de Castela ou N VI) que vinha da antiga "Lucus Augusti" (Lugo) e ia cara o que hoxe é a Coruña.

Polo tanto, temos que

cando Betanzos se asentou enriba da pequena "Vila de Untia" a comezos do s. XIII (documento de 1219) conta baixa con dous elementos típicos dunha boa cidade medieval: un recinto fortificado con murallas castrexas, que se poderían mellorar co tempo, e un campo ó pé delas que era un cruce de velllos camiños, susceptible de se converter doadamente en campo de feira, indispensable para que campesiños, mercaderes e artesáns vendean e mercaran os seus produtos.

Esta premisa tipicamente medieval (cidade más campo de feira) define desde hai case oito séculos a vida socioeconómica de Betanzos e en boa maneira tamén a da súa comarca. A feira do dia primeiro de cada mes, que xa data do s. XIII, xunto coa posterior do dezaseis (polo menos desde os anos 70 do século pasado), máis os mer-

cados dos martes, xoves e sábados, son o latexo dun espacio comunitario. O CAMPO, que en moitos aspectos foi e é o corazón da cidade.

Tódalas reformas urbanísticas que sufriu, os cambios de nome, etc. non conseguiron modificar esencialmente a súa función principal. A importancia do Campo para nós é tanta que non admite comparación con ningunha outra praza das que coñecemos en cidades próximas. Por exemplo, a de María Pita da Coruña da marco ó Concello, acolle festas, manifestacións políticas, etc., pero a súa existencia é moi recente e obedece a un proxecto urbanístico historicista que non tivo en conta elementos anteriores dessa zona, como murallas, etc. En fin, María Pita estivo recentemente pechada por obras moi tempo e á cidade non lle pasou nada: ¿ocurriría o mesmo no noso caso en Betanzos?

Históricamente as modificacions que experimentou O Campo só supuxeron a creación paulatina dun entorno urbanizado nese espacio de máxima actividade, cos complementos estéticos conseguidos. Xa desde o s. XVI existía allí a capela de San Roque, pero probablemente máis no centro da praza, ó lado do camiño que cruzaba cara o Sul (o de Santiago). Isto dedúcese da escritura de fundación do Hospital de San Antonio de 1674, tal como apunta na súa tese Carlos Fernández Fernández.

Nese século, no flanco Este empezaría a construirse o mosteiro e Igrexa de Santo Domingo, construcción que remataría a principios do s. XVIII. Na segunda metade do XVII construíuse o Hospital de San Antonio e para iso houbo que cortar os carballos que allí había e trasladar a pesa de gran e fariña que debía estar nunha casa ou caseta de menor importancia. A veira dela tamén desapareceu, polo mesmo motivo, un pequeno "hospital" ou mellor hospedería, atendido por un irmán da Orde de San Xoán de Deus.

A segunda metade do século XVIII marca outros cambios fundamentais na fisionomía desta praza. Destaca a construcción do Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia, o primeiro construído en España específicamente para tal obxecto. Seguiu o alzamiento da primitiva fachada do Hospital de San Antonio (a que da ó Campo). Construíuse tamén o fermoso Colexio de Orfas e a nova Capela de San Roque na ubicación que xa coñecemos.



Moi probablemente daten así mesmo deste tempo os primeiros soportais de arco de cantería que flanqueaban a daquela chamada Rúa dos Ferradores, por estar varios destes artesáns instalados ali, á veira da carretera de Castela. Estes soportais deberon rematarse ó longo do s. XIX, sendo os derradeiros os da casa (de estilo historicista segundo imperio) dos Irmáns García Naveira, que se estaba a construir no 1897. Sustituiron outros más tradicionais, semellantes ós da Fonte de Unta e responderon, sen dúbida, ó intento de facer do Campo da Feira unha Praza Maior (así se define nos documentos de mediados do s. XIX), semellante á Praza Maior de Madrid, que foi referencia para un sinfín deles en toda España e América.

Paralelamente, pavimentábase no 1845-46, chegando desde aquela ata nós as famosas aceras das "viúdas" ou o "paseo" dos "melancólicos" (este por diante das escadarias de Santo Domingo). Estas aceras de cantería confluián xa nun punto destinado ó que sería no 1866 a Fonte de Diana traída de París. Isto e más as árbores ornamentais e os cantóns Grande e Pequeno, debuxarian case definitivamente ata hoxe a especial xeografía do noso Campo.

Virán logo, a comezos deste século, complementos estético-funcionais de tipo historicista (farolas) ou modernistas (verxa e farolas da Porta da Vila).

Un elemento fundamental da praza desde comezos deste século será o palco da música (o actual data de 1927-28), ligado á Banda Municipal. Precisamente agora volve ter sentido co renacemento musical que está a experimentar a cidade.

A estatua dos Irmáns García Naveira que se trouxo do Pasatempo e se instalou no 1983 é o contrapunto visual do Palco e da Fonte.

En canto ós nomes que esta praza tivo, hai que dicir que sempre (ainda hoxe) foi "O Campo" para a xente: ese é o nome que permanece como simplificación de "Campo da Feira". Pero coa chegada dos liberais á política española no século XIX e as conseguintes lutas entre os diferentes partidos (absolutistas contra liberais e, dentro destes, conservadores contra progresistas), os acontecementos políticos teñen reflexo nos nomes das nosas tradicionais rúas e prazas.

É así como ó Campo se lle chama "Campo de Agar" no trienio liberal (1820-23), en honor de Don Pedro Agar y Bustillo, Presidente da Xunta Suprema de Galicia no 1820. Despois volve ó nome de sempre, para cambiar a "Plaza de Cassola" no 1888, coa pretensión de que Don Manuel Cassola y Fernández, naquel tempo Ministro da Guerra, fixese que o exército voltara a se instalar en Betanzos. Máis tarde, no 1897, púxoselle "Plaza de Arines", logo da morte de Don Juan Arines Montenegro, notario e xefe dos conservadores de Cánovas na cidade. Por último, os nomes de persoeiros políticos, xa do pasado e, polo tanto, sen peso real, son substituídos arredor de 1920-1923 polos dos benefactores Irmáns García Naveira, que chegan ata nós.

En fin, o noso Campo está vivo e o tempo dirá que cambios experimentará. Só queda esperar que estean marcados pola sabiduría e a prudencia, posto que se trata dun espacio esencial, definidor da nosa maneira de ser e de vivir.